



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es necesarias/os para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego 2024

ANUNCIO

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a provisión polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios/as para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego exercicio 2024 solicitados ao abeiro da ORDE do 1 de xullo de 2024

CONVOCATORIA

Convócase proceso selectivo, para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios/as para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego exercicio 2024 solicitados ao abeiro da ORDE do 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-2025(código de procedemento TR301K).DOG núm. 132, martes, 9 de xullo de 2024, (de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa HOTR0208 – Operación básicas de restaurante e bar

MF0257_1: Servizo básico de restaurante-bar (120 horas)

MF0258_1: Aproveccionamento, bebidas e comidas rápidas (90 horas)

MP0015: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)

A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á realización do curso e a validación dos candidatos/as por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de mellora da ocupabilidade. A retribución percibirase por hora lectiva, determinándose a súa contía no momento contractual, en función da subvención concedida. A duración deste contrato será dende a súa formalización ata o cumprimento das horas lectivas e das horas prácticas do curso.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Normas xerais

1.1. As presentes bases xerais rexerán a selección para a provisión dos postos de traballo de mestras/es necesarios para impartir os módulos formativos da especialidade formativa HOTR0208- Operacións básicas de restaurante e bar do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), ano 2024.

1.2. O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

1.3. O proceso selectivo efectuarase mediante a publicación da convocatoria e das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

2. Requisitos dos/as candidatos/as

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

2.1. Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.2. Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

2.3. Capacidade profesional: Acreditar o cumprimento dos requisitos que se especifican para cada un dos módulos formativos da especialidade:

Especialidade formativa HOTRO208 – Operación básicas de restaurante e bar (290 horas).

- Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. (última lexislación aplicable)
- Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.
- Orde ESS/1897/2013 do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.
- Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional, e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 12 de febreiro de 2019 pola que se establece o procedemento de expedición de certificados de profesionalidade e acreditacións parciais acumulables.
- Real Decreto 1376/2008, do 1 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de “Operacións básicas de restaurante bar”(BOE núm. 216, 6 de setembro de 2008) modificado polo R.D.619/2013 de 2 de agosto (anexo II).
- Real Decreto 658/2024, de 9 de julio, por el que se modifican el Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria, y el Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional.

MF0257_1: Servizo básico de restaurante-bar (120 horas) e MF0258: Aprovechamento, bebidas e comidas rápidas (90 horas). Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan: Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes; Diplomado/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Arquitecto/a Técnico/a ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes; Técnico/a e Técnico/a Superior da familia profesional de Hostalería e Turismo; Certificados de profesionalidade de nivel 2 e nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostalería e Turismo.

2. 4. Capacidade docente : deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de Formación Profesional, ou do certificado de formador/a ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos ou experiencia docente.

Deste requisito estarán exentos/as:

a. Os/as que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre/a en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.

b. Os/as que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos/as os/as que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor/a de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os/as que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

c. Os/as que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, na modalidade presencial.

2.5. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.6. Habilitación: Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

3. Solicitudes

3.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, que será facilitada nas dependencias municipais e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), na que manifeste que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda. Debe presentarse unha instancia para cada unha das especialidades, indicando na mesma instancia os módulos formativos aos que opta.

3.2. Á instancia achegarase a documentación seguinte:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional.
- Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de capacidade docente.
- Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. (base 6.1). Non é necesario presentar a documentación xa presentada nun proceso selectivo anterior, debendo indicarse neste caso na Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen, a o nome do proceso e a data do rexistro de entrada da instancia ou escrito coa que se achegaba.
- Memoria da actividade (base 6.2).

3.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Admisión dos/as aspirantes.

4.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

4.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

4.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es). A admisión do/a aspirante e a súa inclusión na lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/a aspirante. A este fin, a Comisión de Avaliación enviará á Delegación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a relación de aspirantes seleccionados/as, para a súa conformidade antes de proceder á súa contratación.

5. Comisión da valoración

5.1. A Comisión de valoración será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade. A súa composición será predominantemente técnica. Os membros do tribunal deberán ser persoal funcionario de carreira dos grupos A1/ A2 ou persoal laboral fixo dos grupos I-a / I-b.

5.2. A Comisión de valoración estará composto por un/unha presidente, tres vogais e un/unha secretario/a. A composición nominal da Comisión de valoración establecerase na resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

5.3. Os membros da Comisión de Avaliación terán que absterse de intervir, notificándoo ao Alcalde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico do sector público ou si tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O alcalde ou concelleiro/a delegado poderá solicitar dos membros da Comisión declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 Lei de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión de Avaliación cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

5.4. Para a válida constitución da Comisión, aos efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, se requirirá a presenza do Presidente e do Secretario, ou, se é o caso, dos que os substitúan, e a metade polo menos dos seus membros, titulares ou suplentes.

5.5. A Comisión resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación da Comisión axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico do sector público.

5.6. A Comisión poderá propoñer a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores efectuarase polo Alcalde ou concelleiro delegado.

6. Proceso selectivo

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

O/a aspirante seleccionado para impartir o maior número de módulos formativos dentro de cada especialidade formativa, será tamén seleccionado/a como titor/a do módulo de prácticas profesionais non laborais de cada unha das especialidades. En caso de que se produza empate no maior número de módulos formativos dentro dunha especialidade, será seleccionado/a de entre eles/elas o/a que imparta o maior número de horas dentro da especialidade. Se aínda así persistira o empate, aplicaranse os criterios de desempate establecidos na base sétima para determinar a relación de aspirantes por orde de puntuación.

6.1 FASE DE CONCURSO. (máximo 10 puntos)

Acreditarase mediante fotocopia dos títulos, ou certificados acreditativos.

6.1.1. Cursos realizados (máximo 1 punto)

Cursos impartidos por centros oficiais ou homologados de formación ou perfeccionamento relacionados directamente coas funcións do posto (funcións docentes e relacionadas coa rama profesional a impartir):

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 por cada curso.
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas: 0,30 por cada curso.
- Cursos de máis de 250 horas: 0,60 por cada curso.

Acreditarase mediante documentación xustificativa da realización dos cursos, na que conste con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

6.1.3. Experiencia Profesional. (máximo 4 puntos)

Experiencia profesional no exercicio da profesión.

- Por cada mes traballado: 0,10 puntos.

A experiencia profesional acredítase de acordo co seguinte detalle:

- Traballadores/as asalariados/as:
 - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.
 - Contrato de traballo ou certificación da empresa onde tiveran adquirido a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.
- Traballadores/as autónomos/as :
 - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo na que se realizou a mesma.

6.1.4. Experiencia Docente (máximo 5 puntos)

- Por cada hora de formación para o emprego impartida na mesma especialidade na que concurra: 0,001 (máximo 4 puntos)
- Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 (máximo 1 punto)

A experiencia docente acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia profesional, e ademais con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas.

6.2. FASE DE OPOSICIÓN (máximo 20 puntos)

6.2.1. Proba 1

Consistirá na contestación por escrito nun tempo máximo de media hora dunha cuestión relativa ás materias do certificado de profesionalidade. Esta proba puntuarase cun máximo de 10 puntos.

6.2.2. Proba 2

Consistirá na presentación e defensa dunha memoria que versará sobre a programación dun módulo do certificado de profesionalidade da especialidade para o que o/a candidato/a se presente, dirixida a un grupo de 15 alumnos/as.

A presentación da memoria realizarase xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e terá unha extensión non superior a 8 páxinas en formato A4. O tribunal establecerá os criterios para valorar esta memoria. A presentación da memoria xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo é obrigatoria e a súa non presentación suporá a eliminación automática do/ candidato/a do dito proceso.

A defensa presencial da memoria realizarase durante un período máximo de 20 minutos. Ao finalizar a exposición por parte do/da aspirante os membros da Comisión de Avaliación poderán facer as preguntas que consideren oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/da candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación. A defensa da memoria será avaliada de 0 a 10 puntos, tendo en conta para a súa avaliación o contido e adecuación da programación, as aptitudes e claridade na exposición e os coñecementos sobre a mesma.

A cualificación final da fase de oposición será a suma das puntuacións obtidas na elaboración da proba escrita e na defensa da memoria. A suma realizarase sempre que o/a candidato/a obtivera un mínimo de cinco puntos en cada unha das probas; en caso contrario quedará excluído/a.

7. Desenvolvemento do proceso selectivo

7.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. A Comisión de Avaliación publicará na paxina web do Concello (www.culleredo.es) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na experiencia docente, maior puntuación na memoria presentada, maior puntuación na experiencia profesional na ocupación, maior puntuación nos cursos realizados. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

7.2. A Comisión de Avaliación enviará ao Servizo de persoal do Concello, a relación de aspirantes por orde de puntuación acadada.

7.3. A Comisión de Avaliación enviará á Delegación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, os datos do/a aspirante seleccionado/a para a súa validación.

8. Listaxe de reserva

A listaxe coa totalidade dos/as aspirantes admitidos/as e a puntuación acadada quedará para poder ser utilizada coma unha listaxe de prelación de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para supostos de renuncia, baixa voluntaria e/ou cobertura temporal de vacantes exclusivamente da categoría das prazas convocadas.

9. Presentación de documentación e resolución de contratación

9.1. O/a candidato seleccionado terá que presentar no Concello de Culleredo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado/a como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade, capacidade profesional e capacidade docente.

b) Certificado médico oficial, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.

c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

d) Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.

9.2. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

9.3. No caso de que a Delegación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mostrase algunha desconformidade respecto do currículo dos/as candidatos/as seleccionados/as, estes/as non poderán ser contratados/as.

9.4. O/a candidato/a seleccionado que non estea incluído/a nos supostos indicados nos puntos 9.2 e 9.3, será contratado/a previa resolución do Alcalde ou concelleiro/a delegado.

9.5. No caso de que o/a candidato/a seleccionado estea incluído nalgúns dos supostos indicados nos puntos 9.2 e 9.3, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro/a aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes remitida pola Comisión de avaliación.

10. Base final

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación da Comisión de Avaliación poderán ser impugnados polas/os aspirantes, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Culleredo, a 27 de febreiro de 2025

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131 do 11.07.2023)

2025/1363